

#EUQUEDONACASA

Proposta de actividades

C.E.I.P DE PAZOS

Índice

Presentación

A elaboración dun calendario

Iniciativa #Desdemiventana

Falemos do Coronavirus

Para facer esta situación o máis levadeira posible

Algúns xogos na rede

1. Presentación

QUERIDAS FAMILIAS:

Como xa sabedes, **a atención á diversidade** por parte dos especialistas que formamos parte do Departamento de Orientación **é un aspecto moi específico** e adaptado ás necesidades individuais de cada un dos alumnos e alumnas.

Debido a isto, decidimos realizar varios documentos nos que plantexamos unha proposta xenérica para abordar os principais aspectos curriculares, pensando en actividades e en xogos que vos mesmos podeades facer dende a casa.

É importante que cada día establezades unha pequena rutina de actividades (na seguinte páxina recolleemos un exemplo), que podeades modificar xunto coas vosas familias, incluíndo varios destes aspectos:

LEVANTARSE, DESAIUNO, ASEO E VESTIDO.- ORGANIZACIÓN DO DÍA A TRAVÉS DUN CALENDARIO DE ACTIVIDADES.- ACTIVIDADE DE LECTURA, ESCRITURA, CONTO,- XOGO E ACTIVIDADE FÍSICA.- LIMPEZA, COMIDA,- TEMPO DE DESCANSO.- XOGO E/OU MANUALIDADES.- ACTIVIDADE DIXITAL.- MERENDA.- OCIO EN FAMILIA.- SESIÓN DE CINA.- XOGOS DE MESA.- BAÑO E CEA. LEMOS UN CONTO OU UN LIBRO. - DURMIR.

Enviámosvos un saúdo a todos e todas... estamos desexando vovos axiña polo cole. Portádevos moi ben e quedade na casa...

TODO VAI SAÍR XENIAL! 
BIBI, NURIA E SONIA.

Para calquera solicitude de información ou asesoramento á orientadora, non dubidedes en poñervos en contacto con nos a través do email do centro educativo.

2. A elaboración dun calendario

É MOI IMPORTANTE ESTABLECER RUTINAS












Adaptaránse os tempos e tarefas segundo a idade do neno ou nena e das vosas circunstancias familiares.

Debuxamos a táboa e tratamos de completala en familia.

Seguimos coa organización dos tempos e coa importancia das **RUTINAS E DAS ANTICIPACIÓNS**. Axúdannos a comprender o que ocorre. Pode ser suficiente con que o digamos de forma oral, pero podémolo facilitar usando fotografías, pictos ou incluso escribilo nun diario. Estamos a ser protagonistas dunha situación que vai marcar a historia.

Aquí poñemos á vosa disposición unha serie de **MATERIAIS** para automatizar rutinas.

EJEMPLO DE AGENDA DE PICTOGRAMAS

Por la mañana 	Desayuno 	Vestirse 	Hacer la cama 	Zoo 
Por la tarde 	Casa 	Merienda 	Jugar 	Ducha 
Por la noche 	Cena 	Ver una película 	Lavar los dientes 	Dormir 

3. Iniciativa #desdemiventana

EN QUÉ CONSISTE

Trátase de unha iniciativa xurdida nas redes sociais baixo o hashtag #desdemiventana, COA FINALIDADE DE FACER MÁIS LEVADEIRO O CONFINAMENTO. OS NENOS E NENAS, COA VOSA AXUDA OU POR SÍ SOS, REALIZARÁN UN ARCO DA VELLA OU CALQUERA OUTRA MANUALIDADE PARA COLOCAR NA FIESTRA. DESTE XEITO, CANDO OS NENOS QUE VIVAN CERCA MIREN A ESA VENTANA, FARASE MÁIS AGRADABLE. PÓDENSE COLOCAR LEMAS COMO "TODO IRÁ BEN"

QUÉ FACER CON EL

Colocalo na fiestra para acompañar aos teus veciños e veciñas e así aumentar o positivismo.



4. Falemos do coronavirus

A TRAVÉS DE CONTOS

Hola soy el coronavirus: conto elaborado pola psicóloga Manuela Molina para nenas e nenos do 2º ciclo de Infantil e os niveis de 1º e 2º de Primaria. **Propósito**: anticipar e acompañar o mundo emocional infantil fronte ao virus COVID-19.

Rosa contra o virus: conto para que lles expliquemos aos nenos e nenas este e outros virus. A fonte é o Colegio Oficial de Psicología de Madrid. <https://www.copmadrid.org/web/publicaciones/rosa-contra-el-virus-cuento-para-explicar-a-los-ninos-y-ninas-el-coronavirus-y-otros-posibles-virus>


Conto con pictogramas de ARASAAC:

http://www.arasaac.org/zona_descargas/materiales/2282/Guion_social_Yo_no_voy_al_colegio.pdf

CONTOS PARA COLOREAR E IMPRIMIBLES

MISIÓN: Quédate en casa

CUENTO ROSA CONTRA EL VIRUS




5. Fagámola levadeira

- Como falar do coronavirus a nenas e nenos: consellos para familias e profesorado sobre como afrontar o tema coas pequenas e pequenos da casa. Documento elaborado pola Unidade de Crise de Barcelona.
- Decálogo para familias fronte ao coronavirus: Asociación Española de Pediatría.

Os seguintes enlaces son para vos, as familias, e a fonte é a web do BBVA: aprendemos juntos.

- Confío en ti: Lucía Galán é unha pediatra e divulgadora que resume en 5 minutos como demostrarlle ás nosas fillas e fillos que confiamos en eles.
- Sentido do humor en momentos difíciles: o psiquiatra Luis Rojas-Marcos explícanos en 4 minutos a importancia de rir ante circunstancias difíciles que poden ser tráxicas.
- Convivencia: David Pastor Vico é un filósofo que explica de maneira sinxela a importancia de aprender a convivir
- Axilidade emocional: Susan David, psicóloga, descubriremos estratexias para coñecer e traballar as emocións coas nosas fillas e fillos. *Fonte: BBVA Aprendemos juntos.
- Decálogo do apego para os días de confinamento



6. Algúns xogos na rede

Hai moitas de plataformas que están a colaborar durante estes días con nos e empréstandonos os seus recursos. Moitas delas xa vos foron comunicadas polos vosos titores e titoras. Aportamos algunha máis, xa que os xogos na rede, facendo un bo uso, supoñen un recurso interesante.

EDUCACIÓN INFANTIL

[Navega con rumbo](#)

[Educanave](#)

[Educalandia](#)

EDUCACIÓN PRIMARIA

[Desafíos matemáticos](#)

[Razoamento matemático](#)

[Educlan \(9-10\)](#)

[Manualidades infantís](#)

[Recopilatorio APPs](#)

[Biblioteca dixital mundial](#)



COMO O LEVADES? ESPERO QUE ISTO VOS SIRVA PARA ORGANIZARVOS A CREAR UNHA RUTINA E PARA MANTER O CORPO E MENTE E FORMA.

SEGUIDA DÁNDOLLE VOLTAS AO TRABALLO DAS TITORAS E TITORES, SEGUIDE A FACER EXERCICIO FÍSICO A MIÚDO E LEDE UN ANAQUIÑO CADA DÍA...

MOITO ÁNIMO A TODOS E TODAS...XA PASOU MÁIS DUNHA SEMANA!!!!

#EUQUEDONACASA

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN